

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Canto dos Meatos ou Melatos

Lugar situado na aldea de Coea, parroquia de Castañedo, concello de Navia de Suarna (Lugo). Uns veciños contáronme que chaman *meatos* ou *melatos* a unhas persoas de raza pequena que vivían no lugar coñecido como O Canto dos Meatos ou Melatos. Dise que unhas tumbas feitas con laxes que apareceron no sitio ao arar a terra formarían parte dun cemiterio destes antigos habitantes. No lugar hai tamén unha fonte escavada na rocha que é onde ían a recoller a auga.

Descoñezo se só é unha lenda ou ten unha base real polo que o topónimo, como arriscada hipótese, podería facer alusión a un lugar onde recluían aos leprosos (malatos) e que o camposanto estaría destinado a enterrar aos enfermos que ían morrendo por mor do fatídico mal.

[Texto de Xabier Moure Salgado. Xullo de 2012]